

Metodoloxías activas e inclusivas

IDENTIFICACIÓN	
Título da tarefa: TALLER DE INTELIXENCIA MATEMÁTICA	Profesorado: titoras e especialistas
Na reunión de principio de curso de 5 anos xurdiu a pregunta de todos os anos, “Os nenos e nenas van saír de infantil lendo e sumando?” Por este motivo pareceunos interesante informar ás familias de que a intelixencia do alumnado vai máis alá das matemáticas ou a lingua e que cada neno e nena ten o seu ritmo e estilo propio de aprendizaxe. Así, decidimos adicar un Taller específico a cada tipo de intelixencia, sendo un deles o Taller da Intelixencia Matemática.	
Curso: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil	Etapas: 2º ciclo de Educación Infantil

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA
ACTIVIDADES
Actividades
Serie de Nenos: colocados en dúas filas enfrontadas, cada neno ten unha pegatina no mandilón con forma de círculo, cadrado ou triángulo. Os de unha das filas teñen que ir facendo unha serie, que se lle determina, coas formas dos nenos da outra fila. Despois repítese coa outra fila.
Aros de Cantidades: dispóñense aros no chan, sona a música e cando para, dentro de cada aro ten que haber, primeiro 2 nenos, despois 3 e despois 4.
Bailan as Formas... : O alumnado repártese en catro grupos diferentes (cadrados, rectángulos, triángulos, círculos), todos bailan ó ritmo da música, unha mestra levanta unha tarxeta na que hai unha forma concreta, por exemplo cadrado, entón só o grupo dos cadrados pode seguir bailando. Isto repítese varias veces coas distintas formas.
Imos ó Mercado: preparamos unha tenda na que se venden diferentes formas, de tamaños e cores distintos. O alumnado agrúpase en tríos, cada grupo ten unha cesta e unha lista da compra na que aparecen os ingredientes e cantidades que deben mercar para formar unha figura determinada (tren, robot, castelo, etc).
MasterClass de Baile e Danza: visitounos o bailarín Miguel Sotelo e a Agrupación Moañesa de Música e Danza. Unha das actividades que fixemos foi o baile “O Garutiño” no que alumnado dividido en varios grupos, en forma de roda, ten que ir danzando ó ritmo da música e ir seguindo as instrucións que vai dando a canción.

PRODUTO FINAL	
O produto final foi unha exposición de fotografías e a edición dun vídeo das distintas actividades que se proxectou na pantalla do corredor do centro.	
RECURSOS DIDÁCTICOS	
Persoais	Ademais das mestras do centro, nunha actividade acompañounos o bailarín Miguel Sotelo e a Agrupación Moañesa de Música e Danza.
Materiais	Ordenador, aros, bloques lóxicos, papel pegatina, instrumentos musicais, papel pegatina, etc.
Ambientais	Pavillón e Biblioteca do centro.
Metodolóxicos	Todas as actividades fixéronse en forma de xogo máis ou menos dirixido. A maioría foron en gran grupo internivel, aínda que no momento en que o xogo ou actividade o esixía formábanse parellas ou pequenos grupos aleatorios.